



MURAS

Barranco que se inicia no Concello de Abadín, no lugar coñecido como A Xesta e que desemboca no río Valiñadares, que cruza Mondoñedo. Río sobre roca esquistosa, de abundante vexetación e con rápeles sinxelos, pero de gran vistosidade. Ideal para iniciarse nos descenso da zona. Este río pode realizarse en calquera época do ano, descoñecido en inverno pola limpeza á que a auga somete a vexetación.

Emprazamento do coche na saída do río.

Dende Mondoñedo collemos dirección Lugo (N-634). Uns 500 m despois do pk-600, viramos á esquerda, pola estrada secundaria dirección A Lagoa ou Cadavedo (antes de chegar ás casas da Xesta). Pasaremos pola capela do San Cosme de Galgao e, a 1 km e 200 m percorridos pola estrada asfaltada, de novo á esquerda, tomamos a pista de zahorra natural ata encontrármolos co Rego de Muras, punto de partida do descenso.

Entrada no río e emprazamento do vehículo.

Continuar pola pista para deixar o primeiro vehículo no escape do río, que se sitúa na curva anterior á chegada ao barrio de Samordas, que son as casas que se atopan no final da pista. Nese mesmo punto atópanse 200 m monte abaixo a Cova dos Santos. Abandonar un vehículo e retornar noutro vehículo pola pista de zahorra ata a entrada ao río.

Descenso.

Iniciase con dous destrepes e logo pequenos rápeles (algún deles evitable). Fácil recuperación das cordas; pero coidar a recuperación no derradeiro rápel do río, pois a anclaxe é natural. Barranco con moita vexetación e rápeles sinxelos, sen saltos e con destrepes para probar a habilidade neste deporte. Precaución nos contuniados tobogáns no tramo intermedio. Coidado no derradeiro, xa que se sae directamente a rápel con caudal alto. Sen escapes en canto se pasa un terzo do río.

Retorno.

Collemos a man dereita sobre unha ponte de pizarra, que a chea de febreiro derrubou e continuamos por un sendeiro, pendente no tramo inicial e chan no tramo final. Non saír do sendeiro ata chegar á pista. Podemos gozar da marabillosa paisaxe do val de Valiñadares.

Material:

- *neopreno completo/ 2 cordas de 35 m/ arnés / bagas anclaxe/ descendedor.*
- *Descenso equipado con anclaxes químicos, mixtos de parabolts, e algún que outro spit.*

Tempo:

- *Aproximación desde Mondoñedo en coche 20 min.*
- *Descenso 2 horas.*
- *Escape final 20-25 min.*

Necesarios dous vehículos ou realizar unha pateada de 45 min.